

Ref.: PPL2401 (praza reclamada)

PRAZA DA CATEGORÍA DE PROFESORADO PERMANENTE LABORAL
REFERENCIA PPL2401-H05-010-PPL-TC-01
NOVA PROPOSTA DE PROVISIÓN (Doc6)

Con data 29 de xullo de 2025 publicase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo proposta de provisión (Doc6) da praza PPL2401-H05-010-PPL-TC-01, abríndose, segundo dispón a convocatoria, un prazo de 5 días hábiles para a interposición de reclamacións.

O candidato José Antonio Díaz Fernández presenta en tempo e forma reclamación.

O 1 de setembro de 2025, unha vez admitida a trámite, publicase o oportuno anuncio de praza reclamada, abríndose un prazo de 5 días hábiles para que o resto de candidatos e candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas e iniciándose así a tramitación perante a Comisión de Reclamacións de Prazas a Corpos Docentes con Vinculación Permanente (en adiante CRCDVP).

A mencionada CRCDVP, unha vez analizados a reclamación, as alegacións presentadas polos/as demais candidatos/as e o/s informe/s da comisión de selección, na súa xuntanza do 20 de outubro de 2025 acordou retrotraer o procedemento ao momento de aprobación do baremo (Doc2).

Desenvolvida unha nova avaliación e achegada unha nova proposta de provisión (Doc6) por parte da comisión de selección, a CRCDVP, na súa xuntanza de 16 de decembro de 2025 acordou aprobar esa nova proposta, que se xunta a esta resolución.

Consonte dispón o artigo 36.2 do Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, esta resolución esgota a vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá acudir á vía xudicial ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR, presidente da CRCDVP
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(*asinado dixitalmente*)

Taboleiro de anuncios de Sede electrónica da Universidade de Vigo

